

RESUMO DA ÚLTIMA ASEMBLEA DE APETEGA

(IES ROSALÍA DE CASTRO - 15 DE XUÑO DE 2007)

■ PREMIOS JOSÉ CANTERO.

- Debateuse sobre as posibles razóns que expliquen a baixa participación (só 3 inscritos) nestes premios, o cal fixo que se desconvocaran, sen chegar a ningunha razón concluínte. Esta baixa participación fixo que a Fundación Epson estea a plantearse volverlas convocar en Galicia o vindeiro ano. Para evitar dar de novo mala imaxe, acórdase que se faga un listado de profesorado comprometido a participar a principios do vindeiro curso e que a partir dun número mínimo, por concretar máis adiante, confirmarlle á fundación Epson a disposición de participación entre os socios de APETEGA.

■ ANÁLISE DAS VII XORNADAS DE TECNOLOXÍA.

- Coméntouse como foi o desenvolvemento do concurso de cartaces das xornadas de Vilagarcía, que contou con 30 participantes. O autor do cartaz gañador foi Alberto Santín Fernández, alumno de 4º curso da ESO do CPI Uxío Novoneira (Pedrafita do Cebreiro), presentado pola profesora Esther Fernández Cordero. Dáse as gracias tamén a todos os demais profesores e alumnos participantes. O premio ao gañador consistiu nunha Nintendo Braintraining. Fallouse a primeiros de marzo e na web pódense ver todos os traballos presentados, xunto coa documentación dos obradoiros, presentacións das conferencias, clic das olimpíadas e fotos.
- A estatística de participación foi a seguinte:
 - Non asistiron (pero inscritos): 5
 - Con dereito a certificado de asistencia: 99
 - Participaron (relatores, coordinadores) con outro tipo de certificación: 17
 - TOTAL PARTICIPANTES: 116
 - Novos socios inscritos: 20
- Tamén se informa que xa está solicitada a subvención correspondente ás xornadas, co seguinte resumo de contas:
 - Gastos de ensino (relatores): 1.584,20 €
 - Facturas (material, dietas, pinchos): 2.098,71 €
 - TOTAL GASTOS: 3.682,91 €
 - SUBVENCIÓN SOLICITADA: 2.926,24 €
- Recórdase que actualmente APETEGA ten na súa conta: 4.864,81 € pendente de que se xiren as cotas que están domiciliadas e do pago dalgún cheque das xornadas que aínda está pendente.
- Coméntouse que ata o de agora a Orde que regulaba a homologación das actividades de formación do profesorado era a Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG nº 175, do 10 de setembro) pero a partires deste ano vai a ser a Orde do 1 de marzo de 2007 (DOG nº 70, do 11 de abril). O principal troco que supón para a dinámica das Xornadas é que se ben agora se conseguían certificar 15 horas, para as próximas xornadas só se poderán certificar 12 horas.

- Tamén se está pendente da confirmación da homologación para enviar os títulos. Explicouse que na Orde vixente para as Xornadas de Vilagarcía (e anteriores), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado, aclárase o seguinte: "*No caso de que unha mesma persoa sexa asistente a unha actividade e, ó mesmo tempo, teña actuado como relatora, sempre que non supere o tempo que actuou o 15% da duración total da actividade, poderase emitir un certificado no que se especificarán as horas totais da actividade á que asistiu e as horas que actuou como relatora*".

■ PREPARACIÓN DAS VIII XORNADAS DE TECNOLOXÍA.

- Propuxéronse e aceptáronse como coordinadores das vindeiras xornadas de Tecnoloxía a Obdulia García e Gumersindo Monteagudo.
- Aceptouse a proposta de centro feita dende o IES Gregorio Fernández de Sarria, acordándose como datas de celebración o 18 e 19 de abril do vindeiro ano 2008.
- Propuxéronse uns novos actos dentro das xornadas:
 - Entrega de premios do concurso de cartaces, repetíndose o proceso para a elección do cartaz anunciador das xornadas coma o pasado, pero realizando unha entrega pública do premio, ben sexa ao alumno gañador ou ao seu profesor. Esta proposta aceptouse polos socios asistentes e infórmouse que se fará a corresponde convocatoria a principios do curso que vén.
 - Entrega de premios para os mellores proxectos exhibidos durante as xornadas, co fin de animar dita sección fixa das xornadas. Algúns socios propuxeron que este acto se celebre ao final da vindeira mostra, aínda que outros socios expuxeron que o día da mostra esto pode resultar pouco operativo. Finalmente espérase a madurar un pouco máis a decisión sobre o momento máis axeitado para un concurso como este.

■ PROPOSTA DE NOVAS ACTIVIDADES DE APETEGA PARA O VINDEIRO CURSO.

- En relación co exposto no último punto, e con vistas a aumentar o número de horas de formación ofertadas por APETEGA, propúxose realizar unha actividade en outono centrada na visita dalgunha fábrica, central, etc. e que se complete con algunha conferencia, podendo chegar a homologar 8 horas de formación. O obxectivo da directiva é que todo asociado de APETEGA que o desexe poida realizar coa Asociación 20 h de formación ao ano. Barállase a posibilidade de visitar as instalacións de Televés en Santiago de Compostela, aínda que xa informaron que as súas cadeas de produción non funcionan os sábados. En relación con esta futura actividade en outono, e postos en contacto con diversas editoriais, estas amosaron a súa disposición a colaborar con APETEGA financiando gran parte dos gastos que supoña a actividade.
- Tamén se propuxeron organizar visitas a lugares de interese fóra do noso país. En concreto: ao INTA, ao Complexo de Comunicacións Espaciais de Robledo de Chavela (Estación INTA-NASA) e á Estación Espacial de Villafranca del Castillo (Estación INTA-ESA). Xa se ten confirmación da dispoñibilidade de visita aos mesmos, podendo realizar a petición dunha data concreta a partir de setembro. Debateuse entre os socios o momento

máis axeitado de celebración desta visita, acordándose que se faga na segunda avaliación do vindeiro curso.

- Tamén se informou da posibilidade de financiamento que ofrece á Asociación a Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Industria, tal e como informou o pasado 26 de abril o seu director xeral, Salustiano Mato, nunha reunión con membros da directiva de APETEGA. Nela amouse moi interesado en poder levar a cabo actividades nos centros educativos, en colaboración con APETEGA, ofrecéndose a sufragar actividades que propoña o profesorado de Tecnoloxía, ben a través de convocatoria feita dende a Administración como a proposta dos propios docentes.

■ ANÁLISE DO BORRADOR DA ESO.

- Informouse que nunha circular enviada por correo electrónico pola Consellería aos centros se aclara que o alumnado de diversificación curricular cursará Tecnoloxía fóra do grupo de referencia, polo que se gañan horas nos departamentos (para o vindeiro curso esto afectará só aos grupos que se fagan en 3º da ESO). No referente ás optativas a ofertar polos centros, recórdase que non se pode ofertar informática en 3º da ESO nin calquera outra asignatura que solape contidos dalgunha de 4º da ESO.
- Aínda non se recibiu contestación oficial por escrito de que os Departamentos de Tecnoloxía teñan preferencia para impartir a optativa de Informática.
- Tamén se fala da problemática xurdida pola premura imposta pola Consellería a escoller libro, agravado polo feito de que a escollo deberá manterse durante 4 anos. No caso dos Departamentos de Tecnoloxía esto afectará o vindeiro curso ao libro que se poña en 3º da ESO, que será abonado pola Consellería ao alumnado. Tamén se comentou que o material elaborado polas editoriais, debido á citada premura e á inexistencia dun Decreto definitivo, deixa moito que desexar (moitas delas fixeron un único libro de texto para todo o Estado e outras nin o elaboraron). Por parte dalgúns socios propónse que APETEGA faga chegar á Consellería o malestar xerado por esta situación, ao cal se compromete a directiva.

■ ELABORACIÓN DA ESTATÍSTICA DE ORZAMENTOS E DOTACIÓNS DOS DEPARTAMENTOS DE TECNOLOXÍA.

- Comentouse que a elaboración de dita estatística é un asunto delicado dado que en moitos centros se “desvían” fondos europeos dos PGS e dos ciclos para sufragar a outros departamentos, polo que a información coa que alegar á Consellería máis financiamento para os Departamentos de Tecnoloxía non tería moito rigor. Por esta razón propónse loitar por conseguir unha partida propia nos orzamentos anuais dos centros, no que se decide traballar unha vez saia publicado o Decreto.

■ ASPECTOS ADMINISTRATIVOS DA ASOCIACIÓN A MELLORAR PARA O VINDEIRO CURSO.

- Recordouse que para a vindeira asemblea haberá renovación de directiva, concretamente dos postos de Presidenta e Secretario, polo que debe haber cando menos dous voluntarios ou voluntarias para daquela.
- Informouse que dende hai varios días están colgados na web da Asociación (apartado socios) os [estatutos](#). Dende a directiva comentouse que, unha vez feita unha lectura detida dos mesmos, quizais sexa necesario debater sobre posibles trocos nos mesmos para a vindeira asemblea:

- Conveniencia da existencia de vogais (algo incumprido ata o de agora polos problemas de conseguir voluntarios para a directiva).
 - Creación dun Libro de socios.
 - Incorporar aos mesmos as circunstancias que levan á perda da condición de socio.
- Tamén se comenta que para os vindeiros meses se vai a levar a cabo a actualización e mellora da base de datos e a creación da rolda de correo de APETEGA dentro do aloxamento de Dinahosting.

■ **ROGOS E PREGUNTAS.**

- Fíxose unha valoración da III Mostra de Proxectos recién rematada, á que todos os asistentes coinciden que foi un éxito tanto de participación como de público.
- Tamén se comenta que para o vindeiro mes de novembro se vaia a celebrar no parque tecnolóxico de Galicia, situado en Ourense, a [Semana da Ciencia e da Tecnoloxía](#) e que sería interesante que o profesorado de Tecnoloxía se animase a participar no certame Galiciencia 2007 como xeito de dar a coñecer máis a nosa área e a nosa labor como docentes.